

cultura | 55

Os escritores en lingua galega apoian a petición de dimisión de Roberto Varela

Axencias

SANTIAGO

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) mostrou onte o seu apoio á petición de dimisión para o conselleiro de Cultura, Roberto Varela, realizada polos once escritores galegos galardoados con premios nacionais.

Así, a AELG reclamou unha “necesaria valoración responsable e obxectiva” da cultura galega entendida “integrada nun escenario permeable e aberto ao mundo dende a busca da necesaria retroalimentación que comeza polo coñecemento, apreciación e dignificación do propio”. A asociación reafirmou a “capacidade” dos creadores galegos de ser “autores dunha creación literaria exportable fóra das fronteiras”.

“Coñecer e recoñecer publicamente a cultura galega en xeral, e a literatura galega dos nosos escritores en particular, é o primeiro paso necesario para superar tópicos arcaicos e caducos e acreditar definitivamente a capacidade, valía e potencial enriquecedor da súa divulgación”, indicaron os escritores, que teñen o apoio da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gáliz).